



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOURO

Expediente 2022/E001/000002. Provisión dunha praza de funcionario/a de carreira da escala de Administración Xeral, subescala administrativa, incluída na oferta de emprego público de 2021.

ANUNCIO

Anuncio do acordo adoptado na data 31-01-2023 pola Xunta de Goberno Local, da modificación da base 4 das bases que rexen a convocatoria para a provisión dunha praza de funcionario/a de carreira da escala de Administración Xeral, subescala administrativa, (código 01.01.00.02 da relación de postos de traballo), mediante concurso, incluída na oferta de emprego público de 2021.

EXPEDIENTE 2022/E001/000002. Provisión dunha praza de funcionario/a de carreira da escala de Administración Xeral, subescala administrativa, (código 01.01.00.02 da relación de postos de traballo), mediante concurso, incluída na oferta de emprego público de 2021. Modificación da base 4 das bases que rexen na convocatoria

ANTECEDENTES

O 18.05.2022 a Xunta de Goberno Local aprobou as bases da convocatoria para provisión dunha praza de funcionario/a de carreira da escala de Administración Xeral, subescala auxiliar administrativa, incluída na oferta de emprego público de 2021, mediante concurso-oposición.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

As bases no prevén a liquidación da taxa pola participación no proceso selectivo polo que, unha vez aprobada a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos (BOP n.º 246 do 29.12.2022), faise necesaria a súa cobranza.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Modificar a base 4 das bases da convocatoria e o proceso de selección para cubrir a praza de funcionario/a de carreira da escala de Administración Xeral, subescala administrativa, (código 01.01.00.02 da relación de postos de traballo), mediante concurso, incluída na oferta de emprego público de 2021 e que figuran como Anexo a este acordo, polas que se rexerá a convocatoria.

A modificación é para incluír o seguinte apartado á base 4:

4.6. Xunto coa solicitude achegarse xustificante de pagamento da taxa por dereitos de exame, que de conformidade coa Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos (BOP n.º 246 do 29.12.2022) queda establecida en 60,00 euros. A taxa de participación no proceso selectivo debe ingresarse no seguinte número de conta:

ABANCA ES84 2080 0321 7331 1000 0110

Indicando no xustificante o nome e apelidos do/a aspirante á praza e o nome da praza á que se presenta. O cumprimento deste requisito deberá realizarse, inescusablemente, dentro do prazo de presentación de instancias. Non será posible a emenda, nin total nin parcial, fóra do citado prazo. Unicamente admitirase a emenda da acreditación da realización do pago no prazo indicado.

Segundo. Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Touro.

Terceiro. Facultar ao señor Alcalde para a execución do presente acordo.

BASES XERAIS E ESPECÍFICAS PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2021

1. NORMAS XERAIS.

1.1. O obxecto da presente convocatoria é a provisión como persoal funcionario en propiedade, polo sistema de promoción interna, dunha praza incluída no grupo de clasificación profesional C1 correspondente á oferta de emprego público aprobada o día 11 de novembro de 2021 (DOG nº 239, do 15/12/2021 e BOP nº 226, do 26/11/2021).

ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL : PROMOCIÓN INTERNA

1.2. Ás presentes probas selectivas seralles de aplicación a Real Decreto Lexislativo 5/2015 , de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público, Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e as Bases da presente convocatoria.

2. REQUISITOS.

2.1. Para a admisión á realización das probas selectivas deberánse reunir os seguintes requisitos:

a) Ser Auxiliar de Administración Xeral, persoal funcionario en propiedade do Concello de Touro, e ter unha antigüidade de, polo menos, dous anos de servizo activo nesta categoría.

b) Estar en posesión da titulación esixida para o acceso aos corpos e escalas dos diferentes grupos de clasificación profesional, segundo o art. 76 do R.D. L. 5/2015, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. A equivalencia acreditarase, no seu caso, coa certificación expedida polo organismo competente na materia ou coa disposición na que se establece a mesma e, no seu caso, o BOE en que se publica.

c) Estar en posesión do CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega). En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten dito coñecemento da Lingua Galega requirido (CELGA 4, ou equivalente), ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto na base TERCEIRA, e que cualificará ao/á aspirante como apto ou non apto.

2.2. Todos os requisitos a que se refire a base 2.1. deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias e manterse durante todo o proceso.

3. PROCEDEMENTO E SISTEMA DE SELECCIÓN.

A praza vacante do posto de Administrativo/a, que na RPT aparece contemplada dentro do departamento de Secretaría-Intervención, e conforme ao establecido no acordo regulador do persoal funcionario do Concello de Touro, a provisión da praza farase por promoción interna e o sistema de selección será o de concurso-oposición, facendo uso da facultade do artigo 80 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia que regula a promoción interna vertical do persoal funcionario de carreira e permite eximir total ou parcialmente ao persoal que participe nos mesmos polo sistema de promoción interna vertical dalgunha das probas selectivas esixidas ao persoal de novo ingreso e/ou reducir parte do temario. En todo caso, as probas para cubrir as prazas reservadas para a promoción interna vertical respectarán os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como os demais establecidos nos artigos 49 e 55 da lei, polo que a selección do persoal realizarase de conformidade co sinalado nas presentes bases mediante o sistema de concurso-oposición.

3.1. Sistema de selección e cualificación dos exercicios.

3.2. O Procedemento de selección será concurso-oposición.

3.3. No sistema de concurso-oposición, a fase de concurso, que será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición.

O Tribunal non poderá estimar o non alegado e probado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presentaren a solicitude para admisión ás probas selectivas, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendar a falta de alegación ou de proba de méritos.

3.4. As cualificacións dos aspirantes aprobados en cada exercicio publicaranse o mesmo día no que se acorden no Taboleiro de Edictos do Concello.

3.5. Para superar a proba da fase de oposición, será necesario acadar como mínimo 10 puntos dun máximo de vinte puntos. A puntuación final e a orde de cualificación dos aspirantes virá dada pola suma da totalidade das puntuacións obtidas no conxunto das probas.

3.6. FASE DE CONCURSO. Puntuarase con arranxo ao seguinte baremo:

MÉRITOS PROFESIONAIS (MÁXIMO 4 PUNTOS).

Por cada mes ou fracción superior a quince días de servizos prestados na praza inmediatamente anterior á que se opta, en calquera das Administracións Públicas: 0,05 puntos.

Por cada mes ou fracción superior a quince días de servizos prestados en praza igual ou superior á que se opta, en calquera das Administracións Públicas, 0,025 puntos.

Por cada mes ou fracción superior a quince días de servizos prestados en praza inferior en dúas ou máis grupos ou subgrupos ao da praza á que se opta, en calquera das Administracións Públicas: 0,015 puntos.

Por cada mes ou fracción superior a quince días de servizos prestados na praza inmediatamente anterior á que se opta, en praza igual ou superior á que se opta, ou en praza inferior en dúas ou máis grupos ou subgrupos ao da praza á que se opta, no resto do sector público, 0,010 puntos.

Non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os servizos prestados en contratos a tempo parcial. A acreditación dos servizos prestados nas Administracións Públicas realizarase mediante a correspondente certificación expedida polo organismo competente. A acreditación dos servizos prestados no sector público realizarase mediante achega conxunta de contrato de traballo e informe de vida laboral.

As persoas aspirantes poderán formular alegacións ás puntuacións obtidas na fase de concurso, no prazo de cinco días naturais desde o seguinte á publicación no taboleiro de Edictos da Corporación. A resolución destas reclamacións farase pública.

3.7. FASE DE OPOSICIÓN (MÁXIMO 20 PUNTOS).

Constará de dúas probas.

Proba 1.^a.—Realizar un exame tipo test de 20 preguntas con respostas alternativas referentes ao temario comprendido no Anexo I. Puntuará un máximo de 20 puntos, sendo necesario acadar 10 puntos para superar a proba. Cada pregunta puntuará un punto e as preguntas erradas ou en branco non penalizan.

Proba 2.^a.—Proba de galego, consistente na tradución dun texto sacado dun xornal do día durante o prazo máximo de 10 minutos. Calificarase de apto ou non apto. Nos termos da base DOUS, os aspirantes que estean en posesión do CELGA-4 ou equivalente estarán exentos da presente proba.

4. SOLICITUDES.

4.1. Quen desexe participar no proceso selectivo deberán encher a correspondente solicitude xunto co anexo de méritos cuxa valoración en fase de concurso solicitan.

De acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16.4 da lei 39/2015, do 1 de outubro, a presentación da solicitude haberá de facerse en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da mesma.

4.2. As solicitudes presentaranse no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado, despois da publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.

4.3. As solicitudes incluírán unha declaración responsable do cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria e da veracidade dos méritos alegados.

4.4. As persoas aspirantes haberán de presentar a documentación acreditativa dos méritos cuxa valoración soliciten en fase de concurso.

Os méritos que obren en poder deste Concello poderanse acreditar de oficio, a petición da persoa interesada, se constan no expediente persoal. Noutro caso, para que se produza a acreditación de oficio será necesario que se indique expresamente o procedemento ao que os méritos foron achegados.

Os méritos ou servizos a ter en conta, estarán referidos á data en que expire o prazo de presentación de instancias.

Os servizos prestados no Concello de Touro acreditaranse de oficio a petición do interesado.

No caso de que estes servizos non sexan acreditados mediante certificación achegada polas persoas aspirantes, os servizos municipais acreditarán de oficio os servizos prestados correspondentes aos días transcorridos, desde a data da mencionada certificación ata a data de terminación do prazo de presentación de instancias.

4.5. Os erros de feito que puidesen advertirse poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

4.6. Xunto coa solicitude achegarse xustificante de pagamento da taxa por dereitos de exame, que de conformidade coa Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos (BOP n.º 246 do 29.12.2022) queda establecida en 60,00 euros. A taxa de participación no proceso selectivo debe ingresarse no seguinte número de conta:

ABANCA ES84 2080 0321 7331 1000 0110

Indicando no xustificante o nome e apelidos do/a aspirante á praza e o nome da praza á que se presenta. O cumprimento deste requisito deberá realizarse, inescusablemente, dentro do prazo de presentación de instancias. Non será posible a emenda, nin total nin parcial, fóra do citado prazo. Unicamente admitirase a emenda da acreditación da realización do pago no prazo indicado.

5. ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES.

5.1. Terminado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, ou a persoa que ostente a delegación de competencias na materia, ditará resolución declarando aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas e o prazo de corrección de defectos. Na devandita resolución, que se publicará no B.O.P., indicaranse os lugares en que se atopan expostas as listas certificadas completas de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

5.2. As persoas aspirantes excluídas dispoñerán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para emendar os defectos que motivasen a súa exclusión.

6. NOMEAMENTO E COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1. O tribunal encargado da cualificación das probas e da supervisión do proceso será nomeado polo Alcalde, conforme ao estipulado nos artigos 60 do EBER, 59 da Lei 9/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e demais lexislación de aplicación, e a súa composición farase pública consonte co establecido na base anterior. Estará composto por un/ha presidente/a, un/ha secretario/a (con voz e voto), e tres(3) vogais.

6.2. No nomeamento dos membros do Tribunal deberanse respectar as seguintes regras:

a) O órgano de selección será colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderá, así mesmo, á paridade entre muller e home.

b) O persoal de elección e de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte do órgano de selección.

c) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores tampouco poderán formar parte do órgano de selección.

d) A pertenza ao órgano de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

6.3. O Tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O nomeamento das persoas especialistas corresponderalle ao presidente e a proposta do tribunal.

7. LISTA DE PERSOAS APROBADAS, PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN, NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARRERA E TOMA DE POSESIÓN.

7.1. Finalizadas as fases do proceso selectivo, o tribunal procederá á súa resolución definitiva, elevando proposta de nomeamento como persoal funcionario de carreira das prazas convocadas, á autoridade competente, por orde de puntuación das persoas aspirantes que superasen as fases de selección, sumadas as puntuacións obtidas na fase de concurso.

7.2. A proposta final non poderá conter un número de persoas aspirantes aprobadas superior ao número de prazas convocadas. As propostas de persoas aprobadas que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito. Non obstante o anterior, estarase ao disposto no art. 61.8, último parágrafo, do R.D. L. 5/2015, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.

7.3. As persoas aspirantes que non se achen incluídas no anuncio anterior terán a consideración de non aptos/ as, e manteranse na praza e categoría administrativa que ostentaban antes de participar no proceso selectivo.

7.4. No prazo de vinte días naturais as persoas aspirantes que figuren no anuncio a que se refire a base anterior deberán presentar no servizo de selección deste Concello a documentación acreditativa dos requisitos expresados na base 2. b). Acreditaranse de oficio as condicións e requisitos referidos na base 2. a), por parte do Servizo de Selección de Persoal. No mesmo prazo deberán presentar a documentación orixinal presentada para a fase de concurso.

7.5. No caso de que algunha das persoas candidatas non presente a documentación correspondente no prazo establecido, non cumpra os requisitos ou renuncie, non poderá ser nomeada como persoal funcionario en propiedade. A praza correspondente adxudicarase á seguinte persoa candidata da relación que non obtivese praza, segundo o número de orde obtida.

7.6. O prazo para tomar posesión será dun mes a contar desde a notificación do nomeamento á persoa interesada, supoñendo a falta deste requisito a renuncia ao emprego.

A adquisición da condición de funcionario producirase segundo o previsto no art. 62 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

8. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS E GARANTÍA DOS DEREITOS DIXITAIS.

A presentación da solicitude para participar no presente proceso selectivo implicará, de conformidade co establecido na L.O. 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, o consentimento para a súa inclusión nun ficheiro automatizado cuxos datos serán tratados para fins exclusivamente relacionados coa xestión das competencias exercidas polo servizo de selección. Iso implica a autorización para a publicación dos nomes e cualificacións obtidas polas persoas aspirantes no presente concurso.

Con todo, en calquera momento, as persoas interesadas poderán exercer o dereito de acceso, rectificación ou cancelación mediante escrito dirixido ao Concello de Touro, en Rúa Isabel II nº 26.- 15822 - Touro, de conformidade co establecido na L.O. 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que a desenvolven.

9. NORMA FINAL.

As bases xerais e específicas da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa segundo corresponda. Así mesmo a Administración municipal poderá, de ser o caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais de conformidade co previsto nas citadas Leis.

ANEXO I

- 1.–Constitución española de 1978. Principios xerais. Estrutura.
- 2.–As Cortes Xerais. O Goberno. A Corona.
- 3.–O Poder Xudicial. O Tribunal Constitucional.
- 4.–A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e a súa modificación pola Lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da administración local.
- 5.–Normativa de desenrolo regulamentario das Entidades Locais.
- 6.–O Réxime Local español : O municipio. Organización e competencias.
- 7.–A Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia. Réxime dos Municipios de menos de 5.000 habitantes.
- 8.–Estrutura das entidades locais. Órganos municipais e provinciais. Réxime de funcionamento.
- 9.–Normativa básica de función pública. A función pública local.
- 10.–Actos de edificación e uso do solo : A licencia urbanística. Títulos habilitantes. Procedemento de outorgamento. Prazos. Vixencia e caducidade. Obras maiores. Obras menores.
- 11.–Planeamento urbanístico : PXOM e instrumentos de desenrolo. O Plan básico autonómico.
- 12.–O patrimonio das entidades locais. Clases de bens. Adquisición, uso e enaxenación.
- 13.–Os tributos locais. Clases.
- 14.–As Ordenanzas fiscais. Taxas e prezos públicos.
- 15.–O orzamento municipal. Elaboración, tramitación, contido. Execución.

ANEXO II

DATOS DO INTERESADO

Nome e Apellidos:

NIF:

Domicilio:

Teléfono:

Correo electrónico:

Discapacidade: Si/Non, grao ____ %

OBXECTO DA SOLICITUDE

EXPÓN

Que, vista a convocatoria anunciada no Boletín Oficial da Provincia núm. _____, de data _____, en relación coa convocatoria para cubrir en propiedade unha praza polo sistema de promoción interna, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2021 conforme ás bases que se publican

(No seu caso) Que, ao ter unha discapacidade, preciso de adaptación para realizar as probas selectivas. Adaptacións de medios e tempo necesarios:

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

- ☐ Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- ☐ Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela.
- ☐ Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada. No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- ☐ Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- ☐ Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

Títulos que declara posuír e relación de méritos alegados:

Por todo o cal, SOLICITO que, de conformidade co disposto no artigo 50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia en relación co artigo 56 do texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, admítase esta solicitude para o proceso de selección de persoal referenciado.

DATA E FIRMA

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.

En _____, a _____ de _____ de 20__.

O solicitante

Asdo.: _____

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TOURO

Touro, 17 de febreiro de 2023

O Alcalde,

Ignacio Codesido Barreiro

2023/1167